

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTE

6705 *Real decreto 415/2015, do 29 de maio, polo que se modifica o Real decreto 1312/2007, do 5 de outubro, polo que se establece a acreditación nacional para o acceso aos corpos docentes universitarios.*

Os procedementos de avaliación dirixidos a obter a acreditación necesaria para poder acceder aos corpos docentes universitarios teñen como obxectivo que as universidades poidan seleccionar os mellores profesionais, con vocación de servizo público, para a docencia e investigación na universidade.

Con este real decreto preténdese levar a cabo unha simplificación normativa e unha mellora regulatoria dos procedementos de acreditación do profesorado universitario; tamén se busca garantir maior obxectividade e transparencia na acreditación do persoal docente universitario, así como potenciar o uso das tecnoloxías da información e da comunicación nos ditos procedementos.

A Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, pola que se modifica a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, estrutura o persoal docente universitario en dous corpos de funcionarios, o de catedráticos de universidade e o de profesores titulares de universidade. Xunto a isto, estableceu un novo modelo de acreditación do profesorado, no cal, a diferenza da habilitación até entón vixente, se eliminou a oferta dun número de prazas previamente delimitadas.

O Real decreto 1312/2007, do 5 de outubro, polo que se establece a acreditación nacional para o acceso aos corpos docentes universitarios, desenvolve este segundo elemento, inspirado na tradición académica da avaliación por pares.

A presente modificación do sistema de acreditación nacional para o acceso aos corpos docentes universitarios é o resultado da experiencia acumulada pola Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación (Anaca) durante os 6 anos de vixencia do sistema de acreditación. Partindo da dita experiencia e dos aspectos susceptibles de mellora, fórmulanse os cambios que recolle esta norma, seguindo ademais o modelo doutros países da nosa contorna.

A primeira novidade que se introduce consiste na supresión do concepto de acreditación universal, conforme o cal os interesados, independentemente da rama de coñecemento pola que decidiron ser avaliados, resultaban acreditados para concorrer a prazas de profesores titulares ou de catedráticos de universidade en calquera rama e área de coñecemento. Óptase agora por un sistema no cal a acreditación obtida produce efectos nunha das cinco ramas de coñecemento previstas no Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro: Artes e Humanidades, Ciencias, Ciencias da Saúde, Ciencias Sociais e Xurídicas, e Enxeñaría e Arquitectura.

Deste modo garántese que cantos obteñan unha acreditación nunha rama de coñecemento fosen avaliados conforme criterios semellantes e estándares análogos, que non necesariamente serán os mesmos noutras ramas. Arbitraranse, en todo caso, procedementos para que os solicitantes que desenvolvan unha especialización de carácter multidisciplinar ou en ámbitos científicos interdisciplinares en que concorran dúas ou máis ramas diferentes poidan, como resultado dun mesmo proceso de avaliación, ser acreditados en máis dunha rama. Naturalmente, a acreditación obtida nunha rama concreta non implica que a actividade docente e investigadora futura non se poida proxectar en ensinanzas e cursos onde concorren disciplinas diferentes, como é común en facultades e escolas.

A segunda novidade refírese ao número e composición das comisións de acreditación. Preténdese establecer comisións moito máis próximas ao ámbito científico e académico dos solicitantes, seguindo neste punto a práctica que xa existe en países da nosa contorna,

como Francia e Italia. Con este tipo de comisións garántese o principio de especialización na avaliación do profesorado, así como a calidade do sistema de avaliación. Ademais destas comisións, establécense cinco comisións de revisión, unha para cada unha das grandes ramas de coñecemento (Artes e Humanidades, Ciencias, Ciencias da Saúde, Ciencias Sociais e Xurídicas e Enxeñaría e Arquitectura), que permitirán un funcionamento máis eficiente desta fase do procedemento e reforzarán as garantías dos interesados na reclamación contra resolucións negativas, reducindo previsiblemente a litixiosidade.

A reforma prevé que cada comisión estea formada por un número de membros variable, determinado principalmente pola maior ou menor heteroxeneidade científico-técnica do campo. Non se modifican, en cambio, o perfil e os requisitos que deberán cumprir os ditos membros.

Introdúcense dúas medidas que pretenden mellorar o funcionamento das comisións. Por un lado, ben que o período de vixencia do nomeamento segue sendo de dous anos, establécese a posibilidade de renovar o nomeamento unha única vez, por igual período, por proposta da Anaca e contando, obviamente, coa dispoñibilidade do vogal ou presidente cuxo nomeamento se pretende renovar. Por outra parte, atribúese á Anaca a potestade de designar o presidente das comisións de acreditación de entre os membros seleccionados polo Consello de Universidades, coa finalidade de que este papel, esencial para o funcionamento interno do órgano, quede encomendado a persoas con experiencia e habilidades para o exercicio da dita función, en lugar de atribuír estas funcións automaticamente ao vogal de maior rango académico e antigüidade.

O terceiro grupo de novidades refírese ao procedemento e persegue dous obxectivos principais: reforzar as garantías para os solicitantes e gañar en eficiencia, obxectivos que se logran simplificando o procedemento a través da eliminación de trámites innecesarios e o establecemento de criterios e regulacións precisas.

Co novo sistema de avaliación do profesorado as decisións adoptaranse sempre de forma colexiada, a partir de dous relatorios elaborados por dous membros da Comisión, e só en casos de discrepancias entre os relatores que esta non se considere en condicións de solucionar, o presidente poderá, con carácter excepcional, solicitar un informe a un experto externo pertencente á área de coñecemento do solicitante.

Outra importante simplificación é a do procedemento de exención do requisito de ser profesor titular de universidade para solicitar a acreditación para o corpo de catedráticos. A solicitude de exención constitúe unha vía cada vez máis utilizada polos usuarios do sistema de acreditación, a pesar de que até agora non se conseguiu establecer criterios claros e aplicados de maneira estable, coherente e homoxénea, capaz de proporcionar seguridade aos solicitantes.

Un aspecto esencial da reforma refírese aos criterios e baremos de avaliación; cos novos baremos aspírase a conseguir unha avaliación máis equilibrada no relativo aos aspectos cuantitativos e cualitativos dos méritos do solicitante, permitindo unha valoración máis xusta e ponderada da docencia e da investigación do profesorado universitario.

A reforma adoptada pretende realzar o carácter global e integral da avaliación, ao establecer limiares mínimos ou niveis de referencia adecuados en función do corpo docente para o cal se solicite a acreditación, e do ámbito científico de que se trate. Neste punto, a reforma contén unha novidade, moi importante para determinados ámbitos científicos, que consiste en considerar como dimensión autónoma a transferencia e a actividade profesional. A necesidade desta modificación é indubidable: no modelo até agora vixente, a transferencia quedaba dentro da investigación e a actividade profesional aparecía asociada á docencia. Isto conducía a unha infravaloración dos méritos de transferencia e actividade profesional en ámbitos onde resultan particularmente relevantes.

Dada a dificultade de alcanzar simultaneamente un nivel elevado en todas as facetas ou dimensións da actividade académica por parte dos profesores universitarios que se encontran en situación de solicitar a acreditación, parece razoable priorizar as dúas que se consideran esenciais, é dicir, a investigación e a docencia. Concretamente, unha avaliación positiva destas dúas dimensións conforme o disposto no presente real decreto fará innecesario ter en conta máis méritos para conseguir a acreditación. No caso de que un

solicitante non alcance o nivel mínimo exixible, e sempre que a insuficiencia non sexa grave, esta poderase compensar en virtude de méritos relevantes nas tres dimensións restantes: transferencia de coñecemento e actividade profesional; xestión, e formación, esta última avaliable só a aqueles que soliciten a acreditación para o corpo de profesores titulares de universidade.

A avaliación deberá dar lugar a unha cualificación alfabética (A, B, C, D ou E), e evitárase a excesiva atomización dos méritos académicos. Corresponderá á Anaca a aprobación dos criterios de avaliación de cada un dos corpos docentes universitarios e dos distintos campos, axustándoos para maior consistencia do modelo global, ben que cada comisión propondrá os que considere apropiados en cada campo. De forma análoga ao que veu sucedendo coas convocatorias anuais da CNEAI, os criterios para a acreditación en cada ámbito científico publicáranse e revisáranse periodicamente cada dous anos.

De igual modo, establécese como novidade a tramitación por medios electrónicos de todos os procedementos de acreditación para o persoal docente da universidade, de acordo co que establece o número 6 do artigo 27 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos. A dita medida, que permitirá axilizar considerablemente a tramitación administrativa dos ditos procedementos, establécese tendo en conta que o sector concreto de poboación a que vai dirixido esta norma, pola súa dedicación profesional e capacidade técnica, ten garantido o acceso e dispoñibilidade dos medios electrónicos precisos para poder realizar todos os trámites previstos neste real decreto por vía electrónica.

Sobre este real decreto emitiu informe a Axencia Española de Protección de Datos, a Comisión Superior de Persoal e o Consello de Universidades, e na súa elaboración foron consultadas as organizacións sindicais máis representativas.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Educación, Cultura e Deporte, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 29 de maio de 2015,

DISPOÑO:

Artigo único. Modificación do Real decreto 1312/2007, do 5 de outubro, polo que se establece a acreditación nacional para o acceso aos corpos docentes universitarios.

O Real decreto 1312/2007, do 5 de outubro, polo que se establece a acreditación nacional para o acceso aos corpos docentes universitarios, modifícase nos seguintes termos:

Un. Modifícase o artigo 3, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 3. *Finalidade da acreditación nacional.*

A finalidade do procedemento é a obtención do correspondente certificado de acreditación que constitúe o requisito imprescindible para concorrer aos concursos de acceso aos corpos de profesorado funcionario docente a que se refire o artigo 57.1 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de acordo cos estándares internacionais avaliadores da calidade docente e investigadora, levando a cabo a valoración dos méritos e competencias dos aspirantes, para garantir unha posterior selección do profesorado funcionario eficaz, eficiente, transparente e obxectiva.

A acreditación producirá efectos en todo o territorio nacional para concorrer ao corpo a que se refira, na rama ou ramas de coñecemento en que o acreditado foi avaliado de forma positiva: Artes e Humanidades, Ciencias, Ciencias da Saúde, Ciencias Sociais e Xurídicas e Enxeñaría e Arquitectura.

Disporanse, en todo caso, procedementos para que os solicitantes que desenvolvan unha especialización de carácter multidisciplinar ou en ámbitos científicos interdisciplinares en que concorran dúas ou máis ramas diferentes

poidan, como resultado dun mesmo proceso de avaliación, ser acreditados en máis dunha rama.»

Dous. Modifícanse os números 2 e 3 do artigo 4, que quedan redactados nos seguintes termos:

«2. Créase unha comisión para cada ámbito académico e científico resultante da agrupación de áreas de coñecemento afíns, nos termos previstos no anexo I.

As comisións dependerán administrativamente do departamento da Anaca competente para a avaliación do profesorado e gozarán de autonomía para o exercicio das súas funcións.

O director da Anaca poderá propor, cada dous anos, o incremento ou a redución do número de comisións, e a distribución de áreas de coñecemento que cada unha comprenda. O incremento no número de comisións requirirá informe previo do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

3. Para constituír as ditas comisións, o director da Anaca propondrá ao Consello de Universidades unha lista de candidatos. Esta lista deberá conter, ao menos, tres propostas por cada membro titular. Cando na proposta figure persoal investigador dos centros públicos de investigación, será informada a Secretaría de Estado de Investigación, Desenvolvemento e Innovación. De entre os propostos, o Consello de Universidades seleccionará os membros titulares e suplentes das comisións, polo procedemento de selección que estableza, de acordo cos criterios que figuran nos artigos 5 e 6 deste real decreto. Para cada unha das comisións de acreditación seleccionárase un número de membros suplentes equivalente á metade dos titulares.»

Tres. Modifícase o artigo 5, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 5. *Composición das comisións.*

1. As comisións que valoren as solicitudes de acreditación deberán estar constituídas maioritariamente por catedráticos de universidade e por profesores titulares de universidade. Ademais, poderá formar parte delas outro persoal investigador e expertos de recoñecido prestixio internacional. Dous terzos do total de membros de cada comisión serán catedráticos de universidade ou investigadores e expertos con categoría equivalente, e un terzo serán profesores titulares de universidade ou investigadores con categoría equivalente.

2. O número de membros titulares das comisións variará en función da diversidade interna de cada ámbito académico e científico e do número previsible de solicitudes, pero non será inferior a sete nin superior a trece. Un dos membros actuará como presidente ou presidenta, outro como secretario ou secretaria, e os demais como vogais. Ademais, participará nas sesións da comisión un membro do persoal da Anaca que prestará o apoio técnico necesario para o desenvolvemento das súas actividades.

3. En cada comisión de acreditación existirá unha subcomisión, integrada por todos os catedráticos de universidade, profesores de investigación e expertos de recoñecido prestixio internacional de categoría equivalente que formen parte daquela, que terá a competencia exclusiva na avaliación e resolución das solicitudes de acreditación para o corpo de catedráticos de universidade.»

Catro. Modifícase o artigo 6, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 6. *Criterios para a designación dos membros das comisións.*

1. A Anaca realizará un sorteo entre persoal funcionario en activo dos corpos docentes universitarios que reúna os requisitos que se establecen no número seguinte. A partir do dito sorteo, elaborará unha proposta de candidatos para formar parte das comisións de acreditación.

2. Para pertencer ás comisións, os catedráticos de universidade e o persoal investigador con categoría equivalente deberán ter obtido o recoñecemento de ao menos tres períodos de actividade investigadora de acordo coas previsións do Real decreto 1086/1989, do 28 de agosto, de retribucións do profesorado universitario, e os profesores titulares de universidade e persoal investigador con categoría equivalente deberán estar en posesión de ao menos dous dos ditos períodos. Para estes efectos, o último período recoñecido deberá telo sido nos últimos 10 anos. Ademais, tanto o persoal funcionario dos corpos docentes universitarios como o persoal investigador pertencente a centros públicos de investigación deberán ter unha antigüidade nos seus respectivos corpos de ao menos 2 anos.

3. En todo caso, ao menos dous terzos dos membros da comisión deberán contar cunha experiencia docente universitaria non inferior a 10 anos.

4. Ao elaborar a proposta, a Anaca procurará que nas comisións de acreditación haxa membros que desenvolvan a súa actividade nas distintas áreas de coñecemento incluídas no ámbito científico e académico da comisión, que pertencen a diferentes institucións e comunidades autónomas.

5. O Consello de Universidades efectuará a selección dos membros entre os candidatos incluídos na proposta polo procedemento que determine. Para tal efecto, poderá tomar en consideración a experiencia dos candidatos en actividades de avaliación académica, científica ou tecnolóxica.

6. A composición das comisións de acreditación, de acordo co establecido no artigo 57.2 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, deberá procurar unha composición equilibrada entre mulleres e homes, salvo que non sexa posible por razóns fundadas e obxectivas, debidamente motivadas.»

Cinco. Modifícase o artigo 7, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 7. *A presidencia da comisión.*

1. O director da Anaca realizará o nomeamento dos membros seleccionados polo Consello de Universidades para integrar as comisións, e designará e nomeará de entre eles o presidente e o secretario de cada comisión, atendendo a criterios tales como a antigüidade, a experiencia en xestión ou avaliación, ou os méritos científico-técnicos. O presidente deberá formar parte do corpo de catedráticos de universidade.

2. Os ditos nomeamentos non serán eficaces até que as persoas designadas formalizasen a declaración xurada ou promesa a que se refire o artigo 8 deste real decreto.

3. En caso de ausencia, vacante ou enfermidade, actuará como presidente o catedrático de universidade de maior antigüidade de entre os que integren a comisión.»

Seis. Modifícase o artigo 8, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 8. *Código ético.*

1. O Código ético, que será aprobado polo Consello Reitor da Anaca, incorporará, ao menos, os seguintes contidos: dereitos e deberes dos membros das comisións de acreditación, dereitos dos solicitantes na súa relación coa Anaca e medios para garantir o cumprimento do disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Entre os deberes dos membros das comisións, o Código ético terá que facer mención, ao menos, aos seguintes: deber de actuar con obxectividade, independencia e rigor profesional; deber de respecto da confidencialidade dos datos persoais dos aspirantes á acreditación dos cales tiveron coñecemento por razón da súa participación na comisión; deber de gardar segredo das deliberacións da

comisión, e compromiso de garantir a dedicación necesaria para o desempeño adecuado das tarefas que lles son propias.

2. Os membros das comisións de acreditación deberán formular por escrito unha declaración xurada ou promesa de cumprir o Código ético antes de comezar a desempeñar as súas funcións.

3. O incumprimento do Código ético dará lugar á instrución de oficio, polo director da Anaca, dun expediente de separación da Comisión de Acreditación.

Este expediente non ten, en ningún caso, natureza disciplinaria e tramitarase de acordo co previsto nos artigos 68 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Non obstante, darase traslado aos órganos competentes para que, se for o caso, adopten as medidas disciplinarias que eventualmente poidan resultar procedentes. O director da Anaca é o órgano competente para ditar a resolución que pon fin ao procedemento de separación.

4. O Código ético deberá ser coherente co disposto no capítulo VI da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público.»

Sete. Substitúese a referencia que no último inciso do artigo 9 se fai ao «anexo sobre criterios de avaliación» por «anexo sobre méritos avaliábeis.»

Oito. Modifícase o número 4 do artigo 10, que queda redactado nos seguintes termos:

«4. Nos casos de renuncia, abstención ou recusación que impidan a actuación da comisión, estes serán substituídos polos suplentes. No caso de que no membro suplente concorrese algún dos supostos de abstención ou recusación citados anteriormente, a súa substitución farase por outro suplente, de acordo coa orde que estableza a propia comisión, que terá en conta criterios de afinidade dentro do ámbito académico ou científico. Se tampouco son posibles estas substitucións, procederáse a designar novos membros titulares e suplentes *ad hoc* polo mesmo procedemento que os restantes vogais.»

Novo. Modifícanse os números 1, 2 e 3 do artigo 11, que quedan redactados nos seguintes termos:

«1. As comisións de acreditación terán carácter permanente, sen prexuízo do previsto no artigo 4.2.

2. O nomeamento dos membros titulares e suplentes das comisións farase por un período de dous anos. Por proposta da Anaca, poderán ser designados como membros da mesma comisión para outro período inmediato unha soa vez consecutiva, sen prexuízo do disposto para a primeira renovación. A composición das comisións será obxecto de publicación no *Boletín Oficial del Estado* cando se produza a súa modificación.

3. As comisións de acreditación reuniranse, mediante convocatoria do seu presidente, tantas veces sexan necesarias. As comisións poderanse reunir para actuar en sesión colexiada, a través de medios informáticos, sen necesidade dunha presenza física na sede da Anaca. A constitución de cada comisión realizarase na súa primeira reunión e, posteriormente, tras cada renovación. Esta reunión constitutiva será presencial.»

Dez. Substitúese o último inciso do número 1 do artigo 12, que queda redactado así: «que se valorarán de acordo co disposto no presente real decreto e no anexo II.»

Así mesmo, no número 2 do artigo 12 substitúese a referencia ao Consello de Universidades por «Anaca».

Once. Modifícase o artigo 13, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 13. *Acreditación para o acceso ao corpo de catedráticos de universidade.*

1. Os profesores titulares de universidade poderán optar á acreditación para catedrático de universidade por unha ou varias ramas do coñecemento, mediante a presentación dunha solicitude á cal xuntarán a xustificación dos méritos que aduzan en relación coa súa actividade investigadora, docente, profesional e de transferencia, así como de xestión académica e científica, que se valorarán de acordo co disposto no presente real decreto e no anexo.

2. A exención do requisito de pertencer ao corpo de profesores titulares de universidade a que se refire o artigo 60.1 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, concederáse a aqueles que acrediten ter a condición de doutor con, ao menos, oito anos de antigüidade, e obtivesen informe positivo na acreditación para profesor titular de universidade coa cualificación de «Excepcional» (A) na avaliación da súa actividade investigadora.

3. Aqueles que obtiveron a acreditación para o corpo de profesores titulares de universidade sen teren alcanzado a cualificación de «Excepcional» (A) na avaliación da súa actividade investigadora poderán solicitar unha nova avaliación para optar a esa cualificación, sempre que transcorresen ao menos 18 meses desde a obtención da acreditación.

4. Poderá solicitar a acreditación a catedrático sen necesidade de solicitar a acreditación a profesor titular nin de pertencer ao corpo de profesores titulares, sempre que acredite ter a condición de doutor con, ao menos, oito anos de antigüidade:

a) O persoal funcionario pertencente a corpos ou escalas de persoal investigador para cuxo ingreso se exixa estar en posesión do título de doutor.

b) O profesorado das universidades dos Estados membros da Unión Europea que alcanzou naquelas unha posición equivalente, ao menos, á de profesor titular de universidade.

5. O persoal docente e investigador doutras universidades non españolas, así como de institucións de investigación non universitarias, non incluído no número anterior poderá solicitar que se lle realice unha avaliación para acreditarse como profesor titular e como catedrático simultaneamente, e pode obter esta última sen necesidade de pertencer ao corpo de profesores titulares, sempre que acredite ter a condición de doutor con, ao menos, oito anos de antigüidade. A comisión resolverá a acreditación só como profesor titular ou como profesor titular e como catedrático conxuntamente.»

Doce. Modifícase o artigo 14, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 14. *Solicitudes.*

1. Na solicitude que presenten os candidatos ante a sede electrónica da Anaca deberá constar o corpo docente para o que pretenden obter a acreditación e a comisión pola que queren ser avaliados, de acordo co modelo que a Anaca estableza. No caso de que a comisión de acreditación seleccionada considere que o perfil do solicitante resulta máis afín a outro ámbito académico-científico, remitirá o expediente ao director da Anaca para a súa reasignación. Antes de resolver, a dirección dará audiencia ao interesado.

2. Os interesados deberán achegar, en todo caso, a xustificación dos seguintes méritos, de acordo co disposto pola Anaca:

a) Méritos obrigatorios de investigación, consistentes en:

1.º Nun número mínimo de contribucións científicas en forma de artigos, libros, capítulos de libro ou resultados de produción científica, técnica ou artística

publicados. Cada comisión propondrá ese número mínimo, tendo en conta, cando resulte procedente, os estándares e índices bibliométricos nacionais e internacionais acreditados.

2.º Igualmente, dentro dos méritos obrigatorios de investigación, presentarán as catro contribucións que consideren máis relevantes na súa traxectoria científica, con obxecto de que as comisións poidan avaliar a calidade e o impacto dos seus traballos na súa área de especialización.

b) Méritos obrigatorios de docencia, exixirase un número de anos de experiencia, que variará en función do corpo docente para o que se solicite a acreditación, así como unha valoración positiva da actividade docente. Porén, aqueles solicitantes que desenvolveron a súa carreira principalmente nunha institución non universitaria dedicada á investigación científica ou tecnolóxica, ou nunha universidade non española en que o cómputo e os instrumentos de medición da calidade da actividade docente resulten difíciles de trasladar ao sistema español, e acrediten resultados de investigación excepcionais, tanto en cantidade como en calidade, poderán obter a acreditación sen teren o tempo mínimo de experiencia docente que se estableza, nin presentar méritos específicos da actividade docente tal e como se describe a continuación.

c) Para obter a acreditación para o corpo de catedráticos de universidade requirirase, como méritos específicos, que os solicitantes acheguen indicios significativos dunha traxectoria de liderado e recoñecemento externo á institución onde prestan servizos, tanto no relacionado coa actividade docente como coa investigadora.

3. Os solicitantes achegarán tamén como méritos complementarios outros méritos relativos á actividade docente e investigadora, encadrables entre os que se describen no anexo II, así como méritos relevantes relacionados coa súa actividade profesional e de transferencia de coñecemento, a súa formación académica e a súa experiencia en xestión e administración educativa, científica e tecnolóxica, que resulten susceptibles de seren tomados en consideración de acordo co disposto pola Anaca. Estes últimos serán tidos en conta no caso de insuficiencias compensables en actividade investigadora e/ou actividade docente.»

Trece. Modifícase o artigo 15, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 15. *Instrución.*

1. Recibidas as solicitudes por parte da Anaca, esta comprobará que a documentación achegada inclúe a certificación dos requisitos legalmente establecidos para solicitar a acreditación ao corpo solicitado, así como a xustificación dos méritos aducidos. Unha vez efectuada a comprobación, a documentación quedará á disposición das comisións. Se se deixa de achegar algún documento esencial ou os achegados non reúnen os requisitos necesarios, comunicarse ao interesado esta circunstancia e concederáselle un prazo de 10 días hábiles para a súa emenda. De non efectuar a emenda no referido prazo, terase por desistido da súa petición e archivarase sen máis trámite. Así mesmo, se o procedemento se paraliza por causa imputable ao interesado, transcorridos tres meses, producirase a súa caducidade.

2. As comisións de acreditación examinarán a documentación presentada co fin de emitir a súa resolución. En caso necesario, poderán solicitar dos solicitantes aclaracións ou xustificacións adicionais, que se entregarán por escrito nun prazo de 10 días hábiles. No caso de que non se presente a xustificación ou aclaración solicitada no dito prazo, non se valorarán os méritos cuxa xustificación ou aclaración deu lugar ao requirimento.

3. As solicitudes de acreditación para o corpo de catedráticos de universidade serán examinadas e resoltas polas subcomisións a que se refire o artigo 5 do presente real decreto.

4. As comisións de acreditación avaliarán as solicitudes de acordo co establecido no presente real decreto e nos seus anexos. De cada solicitude emitirán informe, ao menos, dous membros da comisión, que actuarán como relatores. A comisión adoptará a decisión colexiadamente, á vista da documentación presentada e dos informes dos relatores. En casos de discrepancia entre os relatores que a comisión non se considere en condicións de solucionar, o presidente poderá, con carácter excepcional, solicitar un informe a un experto externo pertencente á área de coñecemento do solicitante, cuxo informe non terá carácter vinculante. Valoraranse preferentemente a actividade investigadora e a actividade docente. A formación académica, a transferencia de coñecemento e actividade profesional, así como a actividade de xestión serán valoradas unicamente para compensar insuficiencias non graves nalgunha das dúas dimensións obxecto de valoración preferente.

5. Nos supostos de avaliación negativa, e con carácter previo á resolución, as comisións de acreditación remitirán as súas propostas de resolución aos interesados, debidamente motivadas, co fin de que, no prazo de 10 días hábiles, dirixan ao presidente da comisión as alegacións que consideren pertinentes, que deberán ser valoradas pola comisión.

Se o solicitante, á vista da proposta de resolución e antes de que se dite resolución definitiva que poña fin ao procedemento, desiste da súa solicitude ou renuncia á avaliación, a comisión dará por finalizado o procedemento e ditará a correspondente resolución administrativa.

6. Formalizado o trámite a que se refire o primeiro parágrafo do número anterior, a comisión resolverá sobre a solicitude de acreditación nun prazo non superior a seis meses desde a data de entrada da solicitude no Rexistro da Anaca. A dita resolución será motivada e poderá ser favorable ou desfavorable á acreditación. Cando a resolución sexa favorable, a Anaca emitirá o correspondente certificado de acreditación.

A resolución notificarase ao interesado por medios electrónicos dentro dos 10 días hábiles seguintes á data en que se dite.

O transcurso do prazo máximo de seis meses sen ditar e notificar a resolución terá efecto desestimatorio, sen prexuízo da obrigaación positiva de resolver que recae sobre o órgano avaliador.

7. No caso de resolución negativa, o interesado ou interesada non poderá solicitar unha nova acreditación até que non transcorresen dezoito meses desde a presentación da solicitude avaliada de forma desfavorable.»

Catorce. Modifícase o artigo 16, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 16. *Reclamacións.*

1. Contra as resolucións a que se refire o artigo anterior, os solicitantes poderán presentar, no prazo dun mes, unha reclamación ante o Consello de Universidades que será valorada e, se for o caso, admitida a trámite pola Comisión de Reclamacións do dito órgano. Esta comisión estará formada por membros que reúnan os mesmos requisitos que os membros das comisións de acreditación.

2. A Comisión de Reclamacións do Consello de Universidades examinará o expediente relativo á acreditación para velar polas garantías establecidas e poderá ratificar a resolución ou, se for o caso, aceptar a reclamación, todo isto nun prazo máximo de tres meses. O transcurso do prazo máximo establecido sen ditar e notificar a resolución terá efecto desestimatorio, de acordo co previsto no artigo 66.1 da 6/2001, do 12 de decembro, de universidades, segundo a redacción dada pola Lei 4/2007, do 12 de abril.

3. O exame da reclamación farase baseándose na solicitude de avaliación e toda a documentación contida no expediente.

4. No caso de ser estimada a reclamación, a Comisión de Reclamacións do Consello de Universidades remitirá á Anaca a súa resolución e indicará de forma concreta os aspectos da avaliación que deben ser revisados. A dita revisión levarase a cabo por comisións de revisión.

5. Créanse cinco comisións de revisión, unha por cada unha das seguintes ramas de coñecemento: Artes e Humanidades, Ciencias, Ciencias da Saúde, Ciencias Sociais e Xurídicas, e Enxeñaría e Arquitectura.

O número de membros titulares das comisións non será inferior a sete nin superior a once. Procurarase que os seus membros tivesen experiencia como avaliadores nas comisións de acreditación.

As comisións de revisión dependerán administrativamente do órgano da Anaca competente para a avaliación do profesorado, e gozarán de autonomía para o exercicio das súas funcións.

6. As comisións de revisión estarán integradas por catedráticos de universidade. Tamén poderá formar parte delas o persoal investigador pertencente a centros públicos de investigación de categoría equivalente á de catedrático de universidade, así como expertos de recoñecido prestixio internacional. Os membros destas comisións deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 6.2, ademais de posuír experiencia en avaliación de profesorado. Todos os membros destas comisións, incluídos o presidente e o secretario, serán seleccionados polo Consello de Universidades por proposta da Anaca, e nomeados polo director da Anaca por proposta do Consello de Universidades. O período do seu nomeamento será de dous anos, prorrogables por outros dous.

7. Antes de emitir a súa avaliación, as comisións de revisión poderán solicitar o informe dun experto externo pertencente á área de coñecemento do solicitante. O dito informe non terá carácter vinculante.

8. Recibida a avaliación, o Consello de Universidades ditará a resolución. O informe de avaliación da Comisión de Revisión terá carácter vinculante.

9. A resolución do Consello de Universidades porá fin á vía administrativa e fronte a ela poderase interpor recurso de reposición ou ben ser impugnada directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.»

Quince. Modifícase a disposición adicional primeira, que queda redactada nos seguintes termos:

«Disposición adicional primeira. *Acreditación de profesores titulares de escola universitaria.*

1. No procedemento de acreditación para profesores titulares de universidade, do profesorado que pertenza ao corpo de titulares de escolas universitarias que posúan o título de doutor, valorarase a investigación, a xestión e, particularmente, a docencia.

2. Obterán a avaliación positiva os solicitantes cuxos méritos docentes sexan cualificados cun A, aínda que os seus méritos investigadores non alcancen a cualificación C.

3. En calquera caso, obterán a acreditación a que se refire esta disposición os solicitantes que cumpran algunha das seguintes condicións, que serán verificadas unicamente pola correspondente comisión:

a) Dous períodos de docencia e un período de actividade investigadora recoñecidos de acordo coas previsións do Real decreto 1086/1989, do 28 de agosto.

b) Dous períodos de docencia recoñecidos de acordo coas previsións do Real decreto 1086/1989, do 28 de agosto, e seis anos no desempeño dos órganos académicos unipersoais recollidos en estatutos das universidades ou que fosen asimilados a estes.

c) Dous períodos de actividade investigadora recoñecidos de acordo coas previsións do Real decreto 1086/1989, do 28 de agosto.

4. A valoración das solicitudes será levada a cabo polas comisións previstas no anexo I, así como a correspondente revisión, se for o caso.»

Dezaseis. Queda sen contido a disposición adicional quinta.

Dezasete. Queda sen contido a disposición derradeira segunda.

Dezaioito. Engádesse un novo anexo I coa seguinte redacción:

«ANEXO I

COMISIONS DE ACREDITACIÓN E ÁREAS DE COÑECEMENTO ASIGNADAS A CADA UNHA DELAS

A. Ciencias

A1. Matemáticas

- 005. Álgebra.
- 015. Análise Matemática.
- 265. Estatística e Investigación Operativa.
- 440. Xeometría e Topoloxía.
- 595. Matemática Aplicada.

A2. Física

- 038. Astronomía e Astrofísica.
- 400. Física da Terra, Astronomía e Astrofísica.
- 247. Electromagnetismo.
- 385. Física Aplicada.
- 390. Física Atómica Molecular e Nuclear.
- 395. Física da Materia Condensada.
- 398. Física da Terra.
- 405. Física Teórica.
- 647. Óptica.

A3. Química

- 750. Química Analítica.
- 755. Química Física.
- 760. Química Inorgánica.
- 765. Química Orgánica.

A4. Ciencias da Natureza

- 028. Antropoloxía Física.
- 063. Botánica.
- 120. Cristalografía e Mineraloxía.
- 220. Ecoloxía.
- 240. Edafoloxía e Química Agrícola.
- 280. Estratigrafía.
- 412. Fisioloxía Vexetal.
- 427. Xeodinámica Externa.
- 428. Xeodinámica Interna.
- 655. Paleontoloxía.

- 685. Petroloxía e Xeoquímica.
- 819. Zooloxía.

A5. Bioloxía Celular e Molecular

- 050. Bioloxía Celular.
- 060. Bioquímica e Bioloxía Molecular.
- 420. Xenética.

B. Ciencias da Saúde

B6. Ciencias Biomédicas

- 020. Anatomía Patolóxica.
- 025. Anatomía e Anatomía Patolóxica Comparadas.
- 027. Anatomía e Embrioloxía Humana.
- 410. Fisioloxía.
- 443. Histoloxía.
- 566. Inmunoloxía.
- 630. Microbioloxía.
- 660. Parasitoloxía.
- 807. Toxicoloxía.

B7. Medicina Clínica e Especialidades Clínicas

- 090. Cirurxía.
- 183. Dermatoloxía.
- 275. Estomatoloxía.
- 610. Medicina.
- 613. Medicina Legal e Forense.
- 645. Obstetricia e Xinecoloxía.
- 646. Oftalmoloxía.
- 653. Otorrinolaringoloxía.
- 670. Pediatría.
- 745. Psiquiatría.
- 770. Radioloxía e Medicina Física.
- 817. Uroloxía.
- 830. Traumatoloxía e Ortopedia.

B8. Especialidades Sanitarias

- 255. Enfermaría.
- 413. Fisioterapia.
- 310. Farmacia e Tecnoloxía Farmacéutica.
- 315. Farmacoloxía.
- 640. Nutrición e Bromatoloxía.
- 615. Medicina Preventiva e Saúde Pública.
- 617. Medicina e Cirurxía Animal.
- 773. Sanidade Animal.

C. Enxeñaría e Arquitectura

C9. Enxeñaría Química, dos Materiais e do Medio Natural

- 065. Ciencia dos Materiais e Enxeñaría Metalúrxica.
- 500. Enxeñaría Agroforestal.
- 550. Enxeñaría Nuclear.

- 555. Enxeñaría Química.
- 565. Enxeñaría Téxtil e Papeleira.
- 700. Producción Animal.
- 705. Producción Vexetal.
- 780. Tecnoloxía dos Alimentos.
- 790. Tecnoloxías do Medio Ambiente.

C10. Enxeñaría Mecánica e da Navegación

- 083. Ciencias e Técnicas da Navegación.
- 115. Construcións Navais.
- 495. Enxeñaría Aeroespacial.
- 515. Enxeñaría dos Procesos de Fabricación.
- 530. Enxeñaría e Infraestruturas dos Transportes.
- 540. Enxeñaría Hidráulica.
- 545. Enxeñaría Mecánica.
- 590. Máquinas e Motores Térmicos.
- 600. Mecánica de Fluídos.
- 605. Mecánica de Medios Continuos e Teoría de Estruturas.
- 720. Proxectos de Enxeñaría.

C11. Enxeñaría Eléctrica e de Telecomunicacións

- 250. Electrónica.
- 520. Enxeñaría de Sistemas e Automática.
- 535. Enxeñaría Eléctrica.
- 560. Enxeñaría Telemática.
- 785. Tecnoloxía Electrónica.
- 800. Teoría do Sinal e Comunicaciós.

C12. Enxeñaría Informática

- 035. Arquitectura e Tecnoloxía de Computadores.
- 075. Ciencia da Computación e Intelixencia Artificial.
- 570. Linguaxes e Sistemas Informáticos.

C13. Arquitectura, Enxeñaría Civil, Construción e Urbanismo

- 295. Explotación das Minas.
- 100. Composición Arquitectónica.
- 110. Construcións Arquitectónicas.
- 300. Expresión Gráfica Arquitectónica.
- 305. Expresión Gráfica na Enxeñaría.
- 505. Enxeñaría Cartográfica Xeodésica e Fotogrametría.
- 510. Enxeñaría da Construción.
- 525. Enxeñaría do Terreo.
- 710. Prospección e Investigación Mineira.
- 715. Proxectos Arquitectónicos.
- 815. Urbanística e Ordenación do Territorio.

D. Ciencias Sociais e Xurídicas

D14. Dereito

- 125. Dereito Administrativo.
- 130. Dereito Civil.
- 135. Dereito Constitucional.

- 140. Dereito do Traballo e da Seguridade Social.
- 145. Dereito Eclesiástico de Estado.
- 150. Dereito Financeiro e Tributario.
- 155. Dereito Internacional Privado.
- 160. Dereito Internacional Público e Relacións Internacionais.
- 165. Dereito Mercantil.
- 170. Dereito Penal.
- 175. Dereito Procesual.
- 180. Dereito Romano.
- 381. Filosofía do Dereito.
- 470. Historia do Dereito e das Institucións.

D15. *Ciencias Económicas e Empresariais*

- 623. Métodos Cuantitativos para a Economía e a Empresa
- 225. Economía Aplicada.
- 235. Economía, Socioloxía e Política Agraria.
- 415. Fundamentos de Análise Económica.
- 480. Historia e Institucións Económicas.
- 095. Comercialización e Investigación de Mercados.
- 230. Economía Financeira e Contabilidade.
- 650. Organización de Empresas.

D16. *Ciencias da Educación*

- 187. Didáctica da Expresión Corporal.
- 189. Didáctica da Expresión Musical.
- 193. Didáctica da Expresión Plástica.
- 195. Didáctica da Lingua e Literatura.
- 200. Didáctica da Matemática.
- 205. Didáctica das Ciencias Experimentais.
- 210. Didáctica das Ciencias Sociais.
- 215. Didáctica e Organización Escolar.
- 245. Educación Física e Deportiva.
- 625. Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación.
- 805. Teoría e Historia da Educación.

D17. *Ciencias do Comportamento*

- 620. Metodoloxía das Ciencias do Comportamento.
- 680. Personalidade, Avaliación e Tratamento Psicolóxico.
- 725. Psicobioloxía.
- 730. Psicoloxía Básica.
- 735. Psicoloxía Evolutiva e da Educación.
- 740. Psicoloxía Social.

D18. *Ciencias Sociais*

- 030. Antropoloxía Social.
- 040. Biblioteconomía e Documentación.
- 070. Ciencia Política e da Administración.
- 105. Comunicación Audiovisual e Publicidade.
- 383. Filosofía Moral.
- 475. Historia do Pensamento e dos Movementos Sociais e Políticos.
- 675. Xornalismo.
- 775. Socioloxía.
- 813. Traballo Social e Servizos Sociais.

E. Arte e Humanidades**E19. Historia e Filosofía**

- 010. Análise Xeográfica Rexional.
- 033. Arqueoloxía.
- 085. Ciencias e Técnicas Historiográficas.
- 375. Filosofía.
- 430. Xeografía Física.
- 435. Xeografía Humana.
- 445. Historia Antiga.
- 450. Historia Contemporánea.
- 455. Historia de América.
- 460. Historia da Ciencia.
- 485. Historia Medieval.
- 490. Historia Moderna.
- 585. Lóxica e Filosofía da Ciencia.
- 695. Prehistoria.

E20. Filoloxía e Lingüística

- 285. Estudos Árabes e Islámicos.
- 568. Estudos de Asia Oriental.
- 290. Estudos Hebreos e Arameos.
- 320. Filoloxía Alemá.
- 325. Filoloxía Catalá.
- 327. Filoloxía Eslava.
- 335. Filoloxía Francesa.
- 340. Filoloxía Grega.
- 345. Filoloxía Inglesa.
- 350. Filoloxía Italiana.
- 355. Filoloxía Latina.
- 360. Filoloxía Románica.
- 365. Filoloxía Vasca.
- 370. Filoloxía Galega e Portuguesa.
- 567. Lingua Española.
- 575. Lingüística Xeral.
- 580. Lingüística Indoeuropea.
- 583. Literatura Española.
- 796. Teoría da Literatura e Literatura Comparada.
- 814. Tradución e Interpretación.

E21. Historia da Arte e Expresión Artística

- 185. Debuxo.
- 260. Escultura.
- 270. Estética e Teoría das Artes.
- 465. Historia da Arte.
- 635. Música.
- 690. Pintura.»

Dezanove. Modifícase o anexo, que pasa a ser o anexo II e que queda redactado nos seguintes termos:

«ANEXO II

A. Méritos avaliábeis

1. *Actividade investigadora*

- Calidade e difusión de resultados da actividade investigadora: publicacións científicas, creacións artísticas profesionais, congresos, conferencias, seminarios, teses doutorais dirixidas (se non se alegan como méritos de actividade docente).
- Calidade e número de proxectos competitivos e contratos de investigación con resultados constatables.
Calidade e número de proxectos competitivos e contratos de investigación con resultados constatables.
- Mobilidade: estadias en centros de investigación con resultados constatables.
- Outros méritos investigadores.

2. *Actividade docente*

- Dedicación docente: amplitude, diversidade, intensidade, responsabilidade, ciclos, tipo de docencia universitaria, teses doutorais dirixidas (se non se alegan como méritos de actividade investigadora).
- Calidade da actividade docente: avaliacións positivas da actividade, elaboración de material docente orixinal, publicacións docentes, proxectos de innovación docente con resultados destacables.
- Formación docente.
- Outros méritos docentes.

3. *Formación académica (só para a acreditación de profesores titulares de universidade)*

- Calidade da formación predoutoral e doutoral: bolsas, premios, outros títulos, etc. Tese doutoral: premio extraordinario de doutoramento e outros premios, mención de doutoramento europeo ou internacional, mención de calidade ou excelencia do programa de doutoramento.
- Calidade da formación posdoutoral: bolsas ou contratos posdoutorais.
- Outros méritos de formación académica.

4. *Transferencia de coñecemento e experiencia profesional*

- Patentes e produtos con rexistro de propiedade intelectual, transferencia de coñecemento ao sector produtivo, implicación en empresas de base tecnolóxica, etcétera.
- Calidade e dedicación a actividades profesionais en empresas, institucións, organismos públicos de investigación ou hospitais, distintas ás docentes ou investigadoras.
- Contratos de transferencia ou prestación de servizos profesionais con empresas, administracións públicas e outras institucións subscritos ao abeiro do artigo 83 da Lei orgánica 6/2001, de universidades.
- Outros méritos de transferencia de coñecemento e experiencia profesional.

5. *Experiencia en xestión e administración educativa, científica e tecnolóxica*

- Desempeño de cargos unipersoais de responsabilidade na xestión universitaria recollidos nos estatutos das universidades, ou que fosen asimilados a eles; ou en organismos públicos de investigación.

- Desempeño de postos no ámbito educativo, científico ou tecnolóxico dentro da Administración xeral do Estado ou das comunidades autónomas.
- Outros méritos de xestión.

B. Baremo

A avaliación dos méritos aducidos e debidamente xustificadas dará lugar a unha cualificación alfabética do A ao E. En cada unha das dimensións esta cualificación terá o seguinte significado:

- A, excepcional.
- B, bo.
- C, compensable.
- D, insuficiente.
- E, circunstancia especial.

Na acreditación para o corpo de catedráticos de universidade non se tomará en consideración a formación académica e obterán unha resolución positiva os solicitantes cuxa avaliación obteña, ao menos, a combinación de cualificacións que se detalla na seguinte táboa:

	Investigación	Docencia	Transferencia/ Actividade profesional	Xestión
Cualificación mínima	B	B		
Cualificación mínima	A	C, E ¹		
Cualificación mínima	B	C	B	
Cualificación mínima	B	C		B
Cualificación mínima	C	B	A	
Cualificación mínima	C	B		A

¹ O nivel E só é válido para a acreditación cando un solicitante desenvólvese a súa carreira principalmente nunha institución non universitaria ou nunha universidade non española onde o cómputo e os instrumentos de medición da calidade da actividade docente resulten difíciles de trasladar ao sistema español.

Na acreditación para o corpo de profesores titulares de universidade obterán unha resolución positiva os solicitantes cuxa avaliación obteña, ao menos, a combinación de cualificacións que se detalla na seguinte táboa:

	Investigación	Docencia	Transferencia/ Actividade profesional	Xestión	Formación
Cualificación mínima	B	B			
Cualificación mínima	A	C, E ²			B
Cualificación mínima	B	C	B		B
Cualificación mínima	B	C		B	B
Cualificación mínima	C	B	A		B

² O nivel E só é válido para a acreditación cando un solicitante desenvólvese a súa carreira principalmente nunha institución non universitaria ou nunha universidade non española onde o cómputo e os instrumentos de medición da calidade da actividade docente resulten difíciles de trasladar ao sistema español.»

Disposición adicional primeira. Constitución e renovación das primeiras comisións de acreditación previstas na presente norma.

1. As comisións de acreditación previstas no anexo I e as comisións de revisión previstas no artigo 16.5 deberán constituír dentro dos dous meses seguintes á data da entrada en vigor deste real decreto.

2. Para tal efecto, a Anaca poderá propor, sen necesidade de proceder a un novo sorteo, o nomeamento como membros das novas comisións de vogais e presidentes das comisións de acreditación existentes antes da entrada en vigor do presente real decreto. En caso de resultaren designados, conservarán a súa condición de membros de ambas as comisións mentres non se disolvan as anteriores.

3. Transcorridos dous anos desde a designación dos membros de cada comisión, renovarase necesariamente a metade dos seus membros titulares e suplentes. Nesta primeira renovación só poderán ser propostos para un segundo período, de acordo co previsto no artigo 11 do presente real decreto, até un máximo da metade dos membros titulares e suplentes das comisións.

Disposición adicional segunda. *Tramitación electrónica de procedementos.*

1. Todos os procedementos de acreditación para o persoal docente da universidade se tramitarán por medios electrónicos, de acordo cos previsto no artigo 27.6 da Lei 11/2007, do 22 de xuño.

2. As reclamacións que se interpoñan contra a resolución que poña fin ao procedemento de acreditación para o persoal docente da universidade tramitaranse por medios electrónicos, de acordo co previsto no artigo 27.6 da Lei 11/2007, do 22 de xuño.

Disposición adicional terceira. *Non incremento de gasto público.*

As medidas incluídas nesta norma non poderán supor incremento de dotacións nin de retribucións nin doutros gastos de persoal.

Disposición adicional cuarta. *Referencias de xénero.*

Todas as referencias contidas neste real decreto en xénero masculino se entenderán realizadas tamén ao xénero feminino.

Disposición transitoria única. *Procedementos iniciados.*

1. As solicitudes de acreditación presentadas antes da entrada en vigor deste real decreto resolveranse de acordo coas previsións vixentes no momento da súa presentación.

Os procedementos de reclamación que non estivesen aínda concluídos tras a extinción das actuais comisións de reclamacións serán examinados e resoltos polas comisións previstas no novo artigo 16.5 deste real decreto.

2. Os solicitantes con expedientes iniciados e non finalizados antes da entrada en vigor do presente real decreto poderán desistir do procedemento e solicitar a avaliación conforme as novas previsións.

3. Aqueles que formalizaron solicitudes de acreditación conforme o disposto con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto e obtiveron unha resolución negativa non estarán sometidos á restrición temporal de 18 meses para a presentación da súa primeira solicitude conforme as novas previsións.

4. As acreditacións obtidas de acordo coas previsións anteriores a este real decreto conservarán o seu carácter universal; os acreditados poderán optar á exención de pertencer ao corpo de profesores titulares de universidade nas condicións que establece o novo artigo 13.3.

Disposición derradeira primeira. *Transparencia nos criterios de avaliación.*

1. O director da Anaca, por proposta das comisións de acreditación, concretará a aplicación a cada rama de actividade dos criterios de avaliación dos méritos previstos no artigo 14.2 e, en particular, establecerá:

a) Os limiares mínimos ou niveis de referencia da actividade docente e investigadora e de calidade exixibles para os méritos obrigatorios, e específicos se for o caso, requiridos

para obter a acreditación a catedrático ou profesor titular de universidade, a que se fai referencia no artigo 12.2, velando pola adecuada homoxeneidade entre os distintos ámbitos científicos.

b) As características excepcionais que deben concorrer nos resultados de investigación para permitir a exención do requisito de pertencer ao corpo de profesores titulares de universidade a que se refire o artigo 60.1 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, recollidas no artigo 11.2.

Estes criterios de avaliación serán aprobados mediante resolución do director da Anaca, serán publicados na sede electrónica do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte e revisados cada dous anos.

2. A Anaca fará públicos os documentos de orientación aos solicitantes, que conterán información precisa acerca dos referidos limiares ou niveis de referencia nas diferentes dimensións, así como das normas de compensación aplicables en cada ámbito académico e científico. Estes documentos deberán facilitar a autoavaliación aos posibles solicitantes, terán efectos exclusivamente informativos e publicaranse na sede electrónica da Anaca, sen que poidan ser obxecto de impugnación en vía administrativa ou xudicial.

Disposición derradeira segunda. *Creación, modificación e supresión de comisións de acreditación e de revisión.*

1. A creación de novas comisións de acreditación e de revisión realizarase mediante orde da persoa titular do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, coas formalidades e requisitos establecidos nos artigos 38 a 40 da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.

2. Habilítase o titular do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte para modificar, mediante orde, a denominación e as áreas de coñecemento asignadas ás comisións de acreditación recollidas no anexo I, sempre que non se incremente o seu número.

Disposición derradeira terceira. *Código ético.*

O Consello Reitor da Anaca, nun prazo de seis meses desde a entrada en vigor deste real decreto, aprobará o Código ético regulado no artigo 8.1 do Real decreto 1312/2007, do 5 de outubro.

Unha vez aprobado o Código ético polo Consello Reitor, publicaranse no «Boletín Oficial del Estado» e na páxina web do organismo.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor cando entre en vigor o real decreto que aprobe os estatutos do organismo autónomo Anaca, segundo o disposto no artigo 8.5 da Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, excepto para a realización de todas aquelas accións preparatorias da constitución das comisións de acreditación e de revisión reguladas neste real decreto, que se poderán comezar a realizar a partir do día seguinte ao da publicación no «Boletín Oficial del Estado» deste real decreto.

Dado en Madrid o 29 de maio de 2015.

FELIPE R.

O ministro de Educación, Cultura e Deporte,
JOSÉ IGNACIO WERT ORTEGA